



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 09 de xuño de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións, de data 31 de maio, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de crédito feita pola Concellería delegada de Cultura, mediante providencia de data 31 de maio, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 7-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3380.22610	Festas tradicionais da cidade	140.000,00 €
Total Transf. Positivas:		140.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3343.22692	Convenio con asociación cultural Ricardo Courtier	140.000,00 €
Total Transf. Negativas:		140.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Mándao e asíno o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu, Oficial Maior, dou fe.